394. (20) 102) Si ti me da-lo que ch'eu pido
ca nunc'hei pedir diñeiro
hei leva-la túa iaña
pa turrar co meu carneiro
E ti télo nena
non o queres dar
e despois de vello
pódelo gardar 4,4,1,2

I 3/7
I 306c

403. 103) Dicen que en la mar se junta
agua de todos los ríos
también se pueden juntare
tus cariños con los míos
Ni como ni bebo...

411. 104) Heinme casar cun vello
para me fartar de rire
heille de poñe-la cama
/: onde n-a poida subire :/
Ai le le la...

Santa Comba I, 2, Bazar, Arantón, Santa Comba

CD 42, 20

Pastor 58 anos
Xullo 1980.

I, 2, 415. 105) Unha vella dixo a ioutra
polo burato da porta
ti goberna a túa vida
qu'a miña nada ch'importa

420. 106) E vaite d'ahí
xa podes marchar
en na miña vida
che volvo a falar 4,4,1,2

420. 107) María miña María
muito ben t'hei de querere
cando vou ó teu muíño
/: siempre me deixas moere :/
A lelela...

I 116
I 147c

430. 108) Fun ó muíño á Braña
nin moín nin muinéie
perdín a cinta do pelo
/: eso fui o qu'eu ganeie :/
a lelelo...

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

435. 109) As mulleres son o demo
alentadas ~~aplicadas~~ ó pecado
fanlle levantar ós homes
o que traien abaixado

v1 1299a

110) Se me quieres a mi solo
no pretendas otra dama
yo te quiero Manuelito
con el sabor de mi alma

444. 111) Chamáchesme racha-faldras
inda non rachei nincunha
ahora que me chamaches
heiche de racha-la túa

447. 112) /: Maruxiña do tempero :/
alá no teu lavadoiro
deixa que lav'o meu pelo

452. 113) Eres blanca y eres rubia
eres como yo te quiero
eres la millor laranga
que tiene mi laranjero

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0042_020_en_Santa_Comba_I_2_394*